

Provincia	Maxistrados
<i>Rexión de Murcia</i>	
Murcia:	
Murcia	13
Sección de Cartagena (á que quedan adscritos os partidos xudiciais números 2 e 11)	3
	16.»

Artigo terceiro.

Modifícase o artigo 8.º, número 2, da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, que queda redactado nos seguintes termos:

«As seccións das audiencias provinciais a que se refire o número 5 do artigo 3.º desta lei, así como os xulgados do penal, os xulgados do contencioso-administrativo, os xulgados do social e os xulgados de menores con xurisdicción de extensión territorial inferior ou superior á dunha provincia teñen a súa sede na capital do partido que se sinala por lei da correspondente comunidade autónoma e toman o nome do concello en que aquela estea situada.»

Artigo cuarto.

Modifícase o segundo parágrafo do artigo 20.1 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, na redacción dada polo artigo terceiro da Lei 26/1998, do 13 de xullo, nos seguintes termos:

«Por real decreto, por proposta do ministro de Xustiza, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e de audiencia con carácter preceptivo da Comunidade Autónoma afectada, poderanse transformar xulgados dunha clase en xulgados de clase distinta da mesma sede, calquera que sexa a súa orde xurisdiccional.»

Disposición transitoria primeira.

Entrementres as comunidades autónomas respectivas non fixen a sede das seccións das audiencias provinciais, esta entenderase situada onde se constituíse a Sección da Audiencia Provincial correspondente, segundo o disposto no artigo segundo da presente lei, que modifica parcialmente o anexo V da Lei 38/1988, do 28 de decembro.

Disposición transitoria segunda.

Entrementres non inicien a súa actividade as seccións das audiencias provinciais correspondentes ás novas circunscricións territoriais creadas nesta lei, manterán a súa competencia os órganos xudiciais que a tivesen á entrada en vigor desta disposición, coñecendo dos asuntos pendentes ante elas ata a súa definitiva conclusión.

Disposición transitoria terceira.

O Goberno, en función do volume de litixiosidade das novas seccións creadas por esta lei, poderá aumentalo

número de prazas de maxistrado delas, e, se é o caso, de seccións, segundo o disposto nos números 1, 2 e 3 do artigo 20 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial e a comunidade autónoma afectada.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno dictará cantas disposicións sexan precisas na execución e desenvolvemento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

782 LEI 3/1999, do 11 de xaneiro, pola que se crea o Parque Nacional de Serra Nevada. («BOE» 11, do 13-1-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Serra Nevada foi declarada parque natural polo Parlamento de Andalucía en 1989 en atención ás súas singularidades de flora, fauna, xeomorfoloxía e paisaxe. Con posterioridade, o Parlamento de Andalucía propuxo a declaración de Serra Nevada como parque nacional. Esta declaración, e a inclusión do Parque Nacional de Serra Nevada na Rede de Parques Nacionais, suporía a incorporación a ela dos ecosistemas de alta montaña mediterránea que, malia estaren incluídos no anexo da Lei 4/1989, modificada pola Lei 41/1997, son uns dos sistemas naturais españois non representados ata a data na Rede de Parques Nacionais.

A singularidade e riqueza florística de Serra Nevada, a súa variedade de formacións vexetais, espectacularidade paisaxística e interese xeomorfolóxico constitúen un patrimonio natural e cultural de indubidable valor científico, recreativo e educativo, e xustifican declarar de interese xeral da Nación a súa conservación, configurando este lugar como parque nacional, incluído na rede integrada polos citados parques.

Ademais, os límites do Parque Nacional de Serra Nevada incorporan un mosaico de sistemas naturais mediterráneos que van moito máis alá da simple inclusión, extraordinariamente singular, aínda que restrinxida, dos altos cumes.

Por último, cómpre sinalar que a declaración de parque nacional de Serra Nevada é a primeira que se produce polas Cortes Xerais trala modificación da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos

naturais e da flora e fauna silvestres, pola Lei 41/1997, do 5 de novembro, para adaptala á sentenza 102/1995, do 25 de xuño, do Tribunal Constitucional.

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Declárase o Parque Nacional de Serra Nevada, considerándose a súa conservación de interese xeral da Nación, e intégrase na Rede de Parques Nacionais, de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, modificada pola Lei 41/1997, do 5 de novembro.

2. A declaración de Serra Nevada como parque nacional ten por obxecto:

- a) Protexe-la integridade dos seus ecosistemas, que constitúen unha extraordinaria representación dos sistemas mediterráneos de montaña e alta montaña.
- b) Asegura-la conservación e a recuperación, se é o caso, dos hábitats e das especies.
- c) Contribuír á protección, o fomento e a difusión dos seus valores culturais.
- d) Promove-lo desenvolvemento sostible das poboacións que teñan o seu territorio, en todo ou en parte, dentro do parque nacional.
- e) Contribuír ó patrimonio común cunha mostra representativa dos ecosistemas de alta montaña mediterránea, incorporando o Parque Nacional de Serra Nevada ós programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

1. O Parque Nacional de Serra Nevada comprende o ámbito territorial incluído dentro dos límites que se describen no anexo I da presente lei.

2. O Goberno, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente ou da Xunta de Andalucía, poderá incorporar ó parque nacional terreos estremeiros de similares características cando:

- a) Sexan patrimoniais do Estado.
- b) Sexan de dominio público do Estado.
- c) Sexan expropiados para o cumprimento dos fins declarativos do parque nacional.
- d) Sexan achegados polos seus propietarios para a consecución dos ditos fins.

3. Así mesmo, o Goberno da Nación, por proposta da Xunta de Andalucía, poderá incorporar ó parque nacional terreos estremeiros de similares características cando sexan patrimoniais ou de dominio público desta.

Artigo 3. *Área de influencia económica.*

1. Declárase como área de influencia socioeconómica do Parque Nacional de Serra Nevada, para os efectos do previsto na Lei 4/1989, do 27 de marzo, o espazo formado polos termos municipais nos que se encontra situado o parque nacional e que se relacionan no anexo II da presente lei.

2. Os concellos incluídos na área de influencia socioeconómica beneficiaranse do réxime de subvencións e compensacións que, en desenvolvemento dos artigos 18.2 e 22 quáter da Lei 4/1989, modificada pola Lei 41/1997, estaea establecido regulamentariamente para a Rede de Parques Nacionais.

3. Co obxecto de asegurar un desenvolvemento sostible para a comarca e mellora-la calidade de vida dos seus residentes, as administracións públicas interesadas

elaborarán, coordinadamente, un plan de desenvolvemento sostible, que deberá ser aprobado polo Goberno mediante real decreto.

Artigo 4. *Réxime xurídico de protección.*

1. No parque nacional manteranse e apoiaranse aqueles usos e actividades tradicionais que, tendo contribuído historicamente a conforma-la paisaxe, sexan declarados compatíbeles e regulado o seu desenvolvemento no Plan rector de uso e xestión. Non obstante, quedan prohibidos no interior do Parque Nacional de Serra Nevada todos aqueles usos e actividades que alteren ou poñan en perigo a estabilidade dos ecosistemas ou a integridade dos seus compoñentes físicos e biolóxicos. Serán indemnizables as limitacións que, como consecuencia do cumprimento dos fins desta lei, puidesen establecerse sobre dereitos reais consolidados no territorio do parque nacional antes da súa declaración.

2. En particular queda prohibido:

- a) O novo establecemento de calquera tipo de infraestructuras permanentes, tales como camiños, edificacións, tendidos eléctricos, instalacións de tráfico terrestre ou aéreo ou remontes mecánicos, salvo os necesarios para unha adecuada xestión do parque nacional, que requirirán, en todo caso, a correspondente autorización da Comisión Mixta de Xestión.
- b) Calquera actuación que poida supor destrución, deterioración ou transformación dos elementos naturais singulares da zona.
- c) A explotación e extracción de minería e granulos.
- d) A realización de calquera tipo de vertidos ou abandono de residuos.
- e) Calquera outra actividade considerada incompatible coas finalidades do parque no Plan de ordenación de recursos naturais o no Plan rector de uso e xestión deste.

3. Tódolos terreos incluídos dentro do parque nacional quedan clasificados como solo non urbanizable obxecto de especial protección.

Con carácter xeral, os plans ou normas urbanísticas adaptarán as súas previsións ás limitacións derivadas desta lei e dos instrumentos de planificación que se aproben no seu desenvolvemento e aplicación.

Artigo 5. *Utilidade pública.*

Declárase para tódolos efectos a utilidade pública e o interese social dos bens e dereitos afectos ó logro dos obxectivos pretendidos coa declaración do parque nacional.

Artigo 6. *Órganos de xestión.*

1. A xestión do parque nacional corresponderá de forma compartida ó Ministerio de Medio Ambiente e á Xunta de Andalucía, a través dunha Comisión Mixta de Xestión, integrada a partes iguais por representantes de ámbalas institucións. A organización, réxime de funcionamento e desenvolvemento de funcións da Comisión Mixta de Xestión aterase ó establecido na Lei 4/1989, modificada pola Lei 41/1997.

2. A administración e coordinación das actividades do parque nacional recaerán no director-conservador deste, que será nomeado polo Consello de Goberno da Xunta de Andalucía, logo de acordo da Comisión Mixta de Xestión, de entre funcionarios públicos. Unha vez nomeado será adscrito, se non o estivese, ó organismo autónomo Parques Nacionais.

Artigo 7. *Padroado.*

1. Como órgano de participación da sociedade no Parque Nacional de Serra Nevada, créase un padroado adscrito, para efectos administrativos, ó Ministerio de Medio Ambiente.

2. Compoñen o padroado:

a) Cinco representantes da Administración xeral do Estado, designados polo Goberno da Nación por proposta do Ministerio de Medio Ambiente.

b) Cinco representantes da Comunidade Autónoma de Andalucía.

c) Dez representantes dos concellos que teñen o seu termo municipal integrado, total ou parcialmente, no parque nacional, elixidos entre eles mesmos.

d) Un representante das universidades de Granada e Almería con rotación anual entre ambas.

e) Un representante do Consello Superior de Investigacións Científicas.

f) Un representante da Deputación de Granada e outro da Deputación de Almería.

g) Tres representantes dos propietarios dos terreos situados no interior do parque nacional.

h) Tres representantes das asociacións ecoloxistas de ámbito estatal ou autonómico que, estatutariamente, teñan como finalidade primordial a defensa e conservación da natureza.

i) Un representante da Federación Andaluza de Montañismo.

j) Dous representantes das asociacións profesionais agrarias.

k) Dous representantes dos sindicatos máis representativos.

l) O director-conservador do parque nacional.

ll) Un representante da gardería do parque nacional elixido entre os seus membros.

3. O presidente do padroado será nomeado polo Goberno da Nación, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, logo de acordo da Comisión Mixta de Xestión.

4. Exercerá as funcións de secretario do padroado un funcionario do organismo autónomo Parques Nacionais.

5. O padroado do Parque Nacional de Serra Nevada exercerá as funcións establecidas no artigo 23 bis da Lei 4/1989, modificada pola Lei 41/1997.

Artigo 8. *Réxime económico.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente atenderá, con cargo ós seus orzamentos ou ós do organismo autónomo Parques Nacionais, os gastos precisos para a execución das actividades de conservación e uso público do parque e, en xeral, as tarefas necesarias para a súa correcta xestión. A atención a estes pagamentos poderá completarse coa achega de recursos orzamentarios da Xunta de Andalucía, tal e como se determine no acordo de financiamento que oportunamente se estableza.

2. Ademais, terán a consideración de ingresos con capacidade para xerar crédito, os procedentes de:

a) As cantidades percibidas pola prestación dos servizos que a administración do parque poida establecer, de acordo co Plan rector de uso e xestión.

b) Os canons que graven as concesións outorgadas a terceiros para a explotación de determinados servizos, conforme estableza o Plan rector de uso e xestión.

c) Todos aqueles ingresos derivados de autorizacións pola utilización de servizos no parque, na forma que determine o Plan rector de uso e xestión.

d) As subvencións e contribucións, tanto das administracións públicas como das entidades públicas e privadas, así como de particulares.

Artigo 9. *Instrumentos de programación e planificación.*

1. O instrumento para a planificación da xestión do Parque Nacional de Serra Nevada é o Plan rector de uso e xestión.

2. O Plan rector de uso e xestión, que terá carácter plurianual, adecuarase ó establecido na Lei 4/1989, modificada pola Lei 41/1997.

3. Os plans sectoriais que se determinen do desenvolvemento do Plan rector de uso e xestión serán elaborados pola Comisión Mixta de Xestión. Igualmente, a Comisión Mixta de Xestión aprobará o plan anual de traballos e investimentos, de acordo co establecido na Lei 4/1989, modificada pola Lei 41/1997.

4. Redactaranse plans sectoriais, polo menos, das seguintes materias:

a) O uso público e a investigación no parque nacional.

b) A ordenación dos principais aproveitamentos no ámbito do parque.

c) As medidas concretas que no ámbito do parque se deberán adoptar en cumprimento dos plans de recuperación, conservación e manexo, previstos na lexislación básica.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

1. O réxime sancionador no Parque Nacional de Serra Nevada será o previsto no título VI da Lei 4/1989, do 27 de marzo.

2. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas moi graves no ámbito do parque nacional:

a) A explotación e extracción de granulados.

b) A realización de calquera tipo de vertidos sólidos ou líquidos.

c) A construción ou remodelación de calquera tipo de infraestructuras permanentes, tales como camiños, edificacións, tendidos eléctricos, instalacións de tráfico terrestre ou aéreo ou remontes mecánicos, sen a autorización pertinente.

d) A alteración das condicións naturais do parque nacional ou dos elementos que lle son propios.

3. Consideraranse infraccións graves:

a) O incumprimento das prohibicións establecidas no Plan de ordenación de recursos naturais e no Plan rector de uso e xestión.

b) O exercicio da actividade cinexética e piscícola.

c) O incumprimento das condicións impostas nas autorizacións administrativas concedidas para levar a cabo algún tipo de actividade no interior do parque.

4. Consideraranse infraccións leves:

a) A emisión de ruidos que perturben a fauna.

b) O incumprimento de calquera outro precepto da normativa do parque, salvo que este constitúa a comisión de infracción administrativa prevista na presente lei ou na Lei 4/1989, do 27 de marzo.

5. A competencia para impor sancións corresponderá:

a) Ó director do parque, para as infraccións leves.

b) Ó director do organismo autónomo Parques Nacionais, para as infraccións graves.

c) Ó presidente do organismo autónomo Parques Nacionais, para as infraccións moi graves.

Disposición adicional primeira.

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente lei, quedará constituído o padroado do Parque Nacional de Serra Nevada.

Disposición adicional segunda.

No prazo dun ano elaborárase o Plan rector de uso e xestión do parque nacional.

Disposición derogatoria primeira.

Queda derogada a Lei 37/1966, do 31 de maio, no relativo á declaración da Reserva Nacional de Caza de Serra Nevada.

Disposición derogatoria segunda.

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira.

Facúltase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición derradeira segunda.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO I**Límites do Parque Nacional de Serra Nevada****PUNTO DE PARTIDA**

Os límites do parque nacional determináanse mediante un único recinto, que partirá da referencia número 1 e terminará no mesmo punto onde se comezou a describir. Estas referencias son as seguintes:

Referencia número 1

Na golada de Las Sabinas, onde se bifurca a estrada GR-420 coa local que vai a Pradolano e na divisoria que separa os termos municipais de Monachil e Güéjar Sierra. Tómase a estrada GR-420 en dirección noroeste ata alcanza-lo cavorco de Launar, estrema sueste do monte público GR-1.064, por onde se descende ata a estrada A-395 para tomala, aproximadamente desde o punto quilométrico 28,100, a rodea-lo Dornajo polo sur, oeste e norte, ata alcanza-lo límite dos termos municipais de Monachil, que se trae, e Güéjar Sierra. Entón, remóntase pola vía pecuaria Cañada Real de Los Neveros, que coincide coa divisoria de termos municipais, para atopar de novo a estrada GR-420, baixo a golada do Dornajo, onde se situará a referencia número 2.

Referencia número 2

Desde este punto, sobre a estrema entre Monachil e Güéjar Sierra, a estrada GR-420 hai que tomala en dirección nordés, entrando xa en Güéjar Sierra, ata chegar ó camiño que, partindo desta estrada, ó norte de Las Casillas de Prado Redondo e volvendo ó sueste, sobe cara ó casal de Los Castaños, cruzando a cabeceira do cavorco Seco ata chegar ó cavorco de Los Tejos. Por este cavorco de Los Tejos descenderase ata encontra-lo límite do parque natural que coincide coa parte inferior do monte consorciado Ahí de Cara, para continuar polo dito límite do parque natural ata o alto de Las Catifas. Así, primeiro, descéndese polo cavorco de San Juan ata a súa confluencia co río Genil, ascendendo por este ata encontra-lo regato Vadillo, de onde se ascende polo cavorco de Las Casillas, tómase pola liña de cumes da Cuna de los Cuartos pola divisoria de augas ata o pico Papeles para descender polo cavorco de Prado Mozas ata o río Maitena, ascendendo pola súa marxe dereita ata o cavorco do Pino, polo que se ascende ó alto de Las Catifas, onde se sitúa a referencia número 3.

Referencia número 3

Desde aquí, o alto de Las Catifas, seguirá cara ó norte pola divisoria entre os termos municipais de Güéjar Sierra e Lugros ata o curuto de la Canilla ou outeiro de las Calaveras. A partir de aí abandona o límite de municipios e continúa descendendo pola divisoria de augas, entre os predios Maguillo e Artilles, en dirección nordés, deixando ó noroeste o cavorco de La Piedra, ata o río Alhama á cota 1.300 metros. Descenderá polo río Alhama ata a súa confluencia co cavorco Fraguas, polo que ascenderá ata a divisoria de termos de Lugros e Jerez del Marquesado, onde se colocará a referencia número 4.

Referencia número 4

Entón descende por esta estrema intermunicipal para enlazar, xa no termo de Jerez del Marquesado, coa pista forestal que descende cruzando as cabeceiras do regato Bernal, o cavorco de El Viejo e o de Las Piletas a toma-la pista xeral que cruza as repoboacións do Marquesado del Zenete. Unha vez tomada a pista forestal xeral das repoboacións do Marquesado ó pé do pico Barrero, seguirase sempre esta pista en dirección ó leste pasando o regato de Bernal, os cavorcos de La Pradera, de La Canaleja e o de El Maguillo; pasada xa a casa forestal de El Posterillo, continúaase para cruza-lo cavorco de El Alhorí e deixar atrás a lomba de En Medio. Polo mesmo camiño, deixando ó oeste El Oquedal, cruzarase o cavorco de Alcázar pola cota 1.500 metros, o cavorco de El Cascajar pola cota 1.540 metros e as primeiras augas do cavorco de La Fuente de Oro, ata chegar á lomba de Los Cucones, ó norte da chaira de El Bocaire e ó sur de La Piedra del Caldero, onde cruzará a divisoria dos termos municipais de Jerez del Marquesado e Lanteira, onde se coloca a referencia número 5.

Referencia número 5

O límite do parque nacional continuará seguindo o camiño forestal en dirección ó río de El Pueblo, cruzando os cavorcos de Tierras Coloradas, o de La Caldera e o de El Quejío, ata chegar a Piedra Colmenar e o río de El Pueblo, citado. Por esta pista xeral do Marquesado seguirase rodeando El Peñón polo norte, para cruza-lo regato do Barrio e alcanza-la referencia número 6 ó encontra-lo límite de termo municipal entre Lanteira e Aldeire, baixo o vértice Pinos de 1.889 metros.

Referencia número 6

Continuando sempre pola pista forestal xeral que percorre as repoboacións do Marquesado del Zenete diríxese cara ó sur ata quebrar cara ó nordés ó cruza-lo cavorco Gallego, rodea-la lomba e cruza-lo de Benabre e proseguir cara ó cavorco de Los Tejos tras confluir coa pista que sobe desde Aldeire. Continuará por este camiño, subindo primeiro ata o labradío de La Verna e baixando despois ata cruza-lo cavorco de Los Pasillos a cota 1.650 metros, deixando ó leste Los Pasillos e Tajo Bolón; máis diante e sempre polo camiño forestal citado, ascenderá ata chegar á devasa existente na lomba de El Jaral, para seguir pola dita pista que, por riba da cabeceira do cavorco de Luna, rodea a aba da lomba de Los Molinos e logo a lomba de El Tesoro ata encontra-lo límite do termo municipal de Aldeire, pouco antes da estrada GR-491 de suba ó porto de La Ragua, onde se sitúa a referencia número 7.

Referencia número 7

Desde este punto da pista forestal do Marquesado del Zenete e a divisoria intermunicipal entre Aldeire e Ferreira, cóllese a estrada GR-491 en dirección sur, pola súa marxe oeste, para ir ascendendo cara a La Ragua e, sen toma-la nova variante, chegar ata a primeira curva pechada onde se cruzará a estrada cara ó leste para retoma-la pista forestal xeral do Marquesado del Zenete. Continuando a pista crúzase o regato Chico, enfila cara ó nordés para, rodeando a lomba de Prados Altos, volver cara ó sueste a cruza-lo regato do mesmo nome e seguir ó encontro da estrema do termo municipal entre Ferreira e Dólar, onde se sitúa a referencia número 8.

Referencia número 8

Desde este punto, a pista forestal, límite do parque nacional, atravesa o termo municipal de Dólar primeiro en dirección sueste ata cruza-lo corgo de El Castañar e logo cara ó norte, por sobre as primeiras augas do cavorco de Piedra, a dar coa divisoria de termos municipais entre Dólar e Huéneja na golada á vista de El Joraique en cota 2.000 metros, en que se establece, sobre a estrema, a referencia número 9.

Referencia número 9

Desde aquí, seguindo sempre a pista forestal xeral do Marquesado do Zenete cara ó leste, xa no termo municipal de Huéneja, vaise descendendo suavemente cara ó sueste e logo oriéntase cara ó nordés tras encontrar e cruza-las augas primeiras do río Huéneja, para chegar á golada Arenas, en Siete Caminos, onde se encontra a estrema entre Huéneja, en Granada, e Fiñana, en Almería, e se localiza a referencia número 10.

Referencia número 10

Desde este punto, golada Arenas en Siete Caminos, seguirase pola pista forestal xeral das repoboacións cara ó leste, cruzando o regato de Fuente Encañada, o regato de El Doctor e o de El Rosal, onda a fonte do mesmo nome, e seguindo esta mesma pista cruzarase o regato de Ubeire. Séguese por terreo chan por este camiño forestal en dirección ó referido refuxio do Ubeire e cruzarase o río Nacimiento, que ten a súa orixe neste termo municipal de Fiñana. Unha vez cruzado o río Nacimiento, séguese sempre polo mesmo camiño forestal principal

ata chegar ó cavorco do casal de Ubeire. Cruzando o referido regato de Ubeire, o camiño forestal segue cara ó norte e, tras deixa-lo camiño que sobe de Abrucena, rodeando a lomba enfila cara ó sur e subindo alcanza o límite do termo municipal de Fiñana, que se trae, con Abrucena, ó que se chega, para situa-la referencia número 11.

Referencia número 11

Continúase polo camiño forestal que máis adiante ten a súa interceptación co camiño forestal que entra ás proximidades do refuxio-bivaque Piedra Negra, a cota 1.900 metros, cara ó cavorco de Campana. O camiño discorre por terreo chan pola cota 1.900 metros e será seguido ata a súa confluencia co que sobe do refuxio Aldeire, sempre dentro do termo municipal de Abrucena. Seguirase para cruza-lo cavorco de Campana ata practicamente chegar a Cuerda de Limones, deixando ó suroeste a presa do Chaz. A cota 1.950 metros virarase ó norte, ata chegar ó curuto de Cuerda de Limones, a 1.977 metros, onde cruza a divisoria de augas, deixando ó leste El Loquear e Los Canos e ó oeste Pinetes, para deixarse caer ás primeiras augas do cavorco de La Teja, cruzando o camiño que entra ata El Loquear, e, descendendo, o camiño forestal vai en dirección ó cavorco de Peña Horadada. O dito camiño forestal bordea o outeiro Las Lastras polo oeste, norte e leste, e continúa por el ata que comeza a descender e, a cota 1.670 metros, intercepta o fluxo do cavorco da Solana de Jazmín. Desde este punto tomarase a marxe esquerda do cavorco ata a súa desembocadura ó cavorco de Peña Horadada, en cota 1.340 metros. Descéndese por este último en dirección nordés, a través da súa marxe esquerda, ata chegar á cota 1.240 metros, onde, e pola valgada existente a esa cota, se subirá ata a súa interceptación co camiño forestal que antes se traía, que agora vai en dirección á área recreativa de La Roza, bordeando Cuerda de la Mina e adentrándose en La Solana de las Rozas. Continúase polo dito camiño, pasando o desvío á área recreativa citada e deixándoo á esquerda, cruza o cavorco de La Mina pola cota 1.320 metros e pasa ó norte dos escarpes rochosos que bordean Las Claras. O camiño seguirá en dirección a El Tajo de la Casa ata a súa interceptación co cavorco de Cupido (a cota 1.500 metros) continuando a cruza-lo cavorco de Las Chorreras para quebrar ó sur e logo ó norte e virar cara ó nordés para alcanzar por terreo chan a lomba divisoria do cavorco de Chortales, que o cruza para seguir cara ó leste, baixo o prado de Los Corchales, a cruza-lo cavorco de Piedras Blancas e alcanzar, nas proximidades de La Venta del Serval, a estrema que divide os termos municipais de Abrucena e Abla, onde se coloca a referencia número 12.

Referencia número 12

Desde este punto, a pista forestal deixa o camiño que baixa cara a Abla e cruza primeiro un cavorco e logo o cavorco de Almagara para alcanza-lo cruzamento coa divisoria de termos municipais entre Abla, que se trae, e Las Tres Villas, onde se coloca a referencia número 13.

Referencia número 13

Cruzando a Las Tres Villas desde Abla, o camiño forestal que se trae baixa xa de forma máis acusada cara ó casal de El Duende, cruzando cavorco Hondo e, sen

chegar ó casal, diríxese, sempre cara ó leste, cara ó casal de Santillana, cruzando distintos cavorquiños; continúaase polo camiño e, xusto antes de chegar ás primeiras casas do casal, bordearase este polo oeste, o sur e o leste, para, cruzando o cavorco de Hilario, volver a toma-lo camiño en dirección ó casal de Los Santos e, zigzagueando nesa mesma dirección, chegar ó corgo do outeiro Blanco, para desde aquí virar un pouco ó noroeste e caer ó cavorco do Entredicho, uns 350 metros antes de subir á balsa; despois subir por un cavorquiño e cruzar ó termo de Alboloduy primeiro e, 200 metros despois, onde este cavorquiño chega á golada onde nace, e como tamén coincide aquí a chegada do camiño de Montenegro e a estrema entre Alboloduy e Nacimiento, colócase a referencia número 14.

Referencia número 14

De aquí, polo termo de Nacimiento, séguese na mesma dirección, cara ó sueste, e ó chegar ó cavorco de Serenas baixamos por el uns 300 metros, onde saímos á súa marxe esquerda para chegar á vía pecuaria (Vereda de Gilma) e descender por ela uns 400 metros, e virar ó noroeste para chegar e cruza-lo camiño que vén de Ocaña; seguimos en paralelo a el cara ó sur, crúzase polo cavorco Serenas e vólvese a baixar pola súa marxe dereita ata a cota 900 metros, desde aquí vólvese ó sur para subir outra vez ó camiño, pola marxe esquerda do cavorquiño seguinte, e baixar pola súa marxe dereita á cota 950 metros; por un carreiro, vólvese a subir ó camiño e crúzase para chegar no Entredicho á cota 1.100 metros, e virando ó leste primeiro e despois ó noroeste, para volver baixando e cruza-lo camiño, ata o pé de Las Chorreras, na cota 975 metros; volvendo a subir e cruzar polo leste e ó sur ata a cota 1.150 metros, pola que se vai por chan ata o cavorco de Las Piedras de Carmona, polo que se baixa; unha vez cruzado o camiño, uns 600 metros, na cota 1.025 metros, únese co de Los Hilos, polo que se sobe ata o camiño outra vez, indo por el ata o de La Artésica; cruzándoo, báixase pola marxe dereita do cavorco Varón á cota 1.000 metros, onde precisamente cruza este cavorco a vía pecuaria de Gilma, onde se coloca a referencia número 15.

Referencia número 15

Posto que tamén aquí se coincide coa liña de termos entre este de Nacimiento, que se trae, e o de Alboloduy, ó que se chega; pola marxe dereita deste cavorco sóbese paralelo ás súas augas ata a cota 1.150 metros, en que se vira ó suroeste, e cruzando o camiño de El Almendrico chégase á cota 1.220 metros, para ir por ela uns 300 metros por chan, e virando bruscamente ó oeste subir ó camiño de La Artésica; por el, cara ó sur, séguese uns 150 metros, e entón vólvese a baixar en paralelo a aquela subida e ata a mesma cota 1.220 metros; séguese ó sur 100 metros, e báixase ó sueste ata a cota 1.160 metros; virando bruscamente ó oeste vólvese a subir ó camiño de La Artésica, e por el séguese ó cavorco do mesmo nome, polo que se baixa uns 500 metros, ata a cota 1.100 metros, onde se sae del cara ó sur outros tantos metros, ata o camiño de El Almendrico, despois de cruza-lo cavorco de Anica El Águila; desde o camiño báixase, e sóbense 200 metros nos dous sentidos, para descender novamente desde a cota 1.120 metros á 860 metros, na marxe dereita do regato de Los Catalanes; vírase ó sueste e sóbese, cruzando aquel camiño outra vez, ata a cota 1.060 metros, pola que se vai por chan uns 400 metros ata chegar ós labradíos

dos casais de La Cuesta de Montenegro; sóbese cara ó oeste pasando polo alxibe de Enmedio, á encrucillada dos camiños xunto del; báixase polo camiño de Las Cabañuelas en dirección sur, cara ó outeiro El Romeral. Por este camiño, deixaremos ó noroeste os currais de Cándido, cruzaremos ó cavorco de Las Cabañuelas na cota 1.200 metros, para continuar por el e cruzar distintos cavorquiños, deixar ó leste as propias Cabañuelas, e, máis adiante, a eira dos Marianos, á altura da cal se tomará o desvío que sae á dereita do camiño que se leva para ascender ata o alto do outeiro do Romeral, onde, e a cota 1.235 metros, se chega á estrema entre Alboloduy, que se trae, e Alsodux, ó que se chega, onde se sitúa a referencia número 16.

Referencia número 16

Desde este punto, vírase ó noroeste para toma-lo camiño que sobe ata o casal da eira dos Marianos, que se deixará ó oeste, toda vez que se cruzou xa a cota 1.250 metros. Continúaase polo mesmo camiño que vai en dirección noroeste, cara ó cavorco de La Simona, que se cruza pola cota 1.265 metros, e cara ó casal do mesmo nome que se deixa ó leste, e antes de chegar á casa sóbese pola continuación do camiño que ascende pola lomba en dirección a Los Hoyos de la Reina, para, chegando a un curuto, en cota 1.350 metros, ir por chan por ela para caer ó cavorco de La Sarga que, ata o seu nacemento, fai de estrema entre os termos municipais de Alsodux e Rágol. Por esta estrema ascenderase ata a cota 1.490 metros, e virando bruscamente ó sur, bajarase por esta liña uns 120 metros, adentrándose en Rágol, e cruzarase, zigzagueando entre as cotas 1.500 metros e 1.600 metros para chegar ó termo de Canjáyar e baixar por el uns 300 metros á cota 1.510 metros; desde aquí, adiantándose 150 metros en Canjáyar subirase ó norte e chegarase ó vértice xeodésico Peñón de Ortega, de cota 1.585 metros e colocar nel a referencia número 17.

Referencia número 17

Desde o Peñón de Ortega (1.589 metros), vírase ó oeste ata encontra-los cortes da marxe esquerda do cavorco do Peñón de Ortega, polos que se baixará ata a cota 1.450 metros, na que se cruza o dito cavorco e vaise por chan cara ó noroeste ata encontra-lo nacemento en cota 1.440 metros. Desde aquí, continúaase por chan ata o nacemento dun cavorquiño en Las Pocicas, afluente do anterior, ata chegar á lomba de Montenegro, na cota 1.400 metros virando ó oeste, lomba abaixo, ata a cabeceira dun cavorco afluente do corgo de Tices, na cota 1.210 metros que acompaña na súa marxe esquerda, ata cruza-la estrada do porto de Santillana e chegar ó termo municipal de Canjáyar, que se leva, e Ohanes, onde se vai situando a seguinte referencia, a número 18.

Referencia número 18

Desde este punto, crúzase o corgo de Tices, e sóbese pola lomba de El Horno de los Ladrillos, dirección noroeste ata a cota 1.211 metros, onde se vira ó oeste polo alto da lomba da Atalayuela, ata a cota 1.322 metros, onde se vira bruscamente ó sur baixando pola marxe esquerda dun cavorquiño ata chegar á súa desembocadura no cavorco da Atalayuela, na cota 1.190 metros, ascendendo polo dito cavorco, ata a desembocadura do cavorco de Majada Grande, que con dirección suroeste ascenderemos por el, pola súa marxe dereita, ata encon-

trarmos co camiño forestal que vai a La Solanilla e Majada Grande na cota 1.420 metros, que se tomará cara ó sur ata a súa unión, na lomba da Balsa Seca, co que vai a La Piedra de la Virgen. Desde este punto cara ó oeste e polo camiño que bordea polo sur e o oeste o outeiro de La Coronela, continúaase en dirección ó cavorco de Carmen, que se cruza pola cota 1.485 metros; seguindo polo mesmo camiño, cruzarase tamén os cavorcos de Quitasueños e del Agua, deixarase o casal de Cantarranas ó norte e despois cruzarase o cavorco de La Azayana pola cota 1.455 metros para chegar ata o próximo cavorco, chamado de El Garbanzal. Neste punto abandónase o camiño e tómase a marxe esquerda do mencionado cavorco para baixar por el ata a súa confluencia co cavorco de Ohanes, que se tomará en sentido ascendente, pola súa marxe dereita, cara ó oeste, ata chegar ó punto en que se dividen os termos municipais de Ohanes, que se leva, e Beires, ó que se chega, a cota 1.325 metros, onde se sitúa a referencia número 19.

Referencia número 19

Desde este punto vírase ó suroeste, para seguir pola estrema dos termos municipais, ascendendo en dirección á lomba de La Piedra del Águila, á que se chega sempre pola estrema, na cota 1.655 metros, onde se virará cara ó noroeste para toma-la corda da lomba citada, e ascender por ela en dirección ó outeiro de Las Filipinas, cruzando o camiño que vai ás minas de ferro, primeiro, e antes de chegar á balsa de La Mina de la Nava, cruza-lo camiño que vai a ela, e ascender, ó leste desta balsa ó outeiro mencionado, ata a cota 1.912 metros. Desde este punto báixase cara ó suroeste para toma-la lomba de La Fuente Alba e correr paralelo ó camiño que vai ata a golada de Los Huertecillos. Pola lomba de Fuente Alba, chegarase ata o outeiro desta, con cota 1.917 metros, desde onde e cara ó suroeste se baixará ata o carril antes mencionado na mesma golada de Los Huertecillos a cota 1.892 metros. Desde este outeiro tomarase o camiño forestal que leva paralelo á lomba das Navas ata cruza-la estrema dos termos municipais de Beires, polo que se vai, e Fondón, ó que se chega, situando a referencia número 20.

Referencia número 20

Desde este punto crúzase a Fondón e séguese, sempre polo camiño, para, a cota 1.810 metros, tomar outro camiño que sae á dereita do primeiro en dirección ó cavorco de Leiva, e antes de chegar a el, baixar pola lomba de Las Navas ata o outeiro do mesmo nome en cota 1.808 metros. Desde este punto continuarase descendendo pola lomba ata a cota 1.790 metros, na que se virará ó noroeste para toma-la divisoria que cae ó cavorco de Las Navas, o cal se descende pola súa marxe esquerda ata a súa confluencia co regato de Presuela, polo cal e a través dos cortes da súa marxe dereita se ascenderá practicamente en paralelo á lomba de Doña Agustina, ata o risco de El Diablo en cota 2.170 metros, pola cal se irá por chan ata chegar á estrema entre os termos municipais de Fondón e Laujar de Andarax, seguindo na referencia seguinte, a número 21.

Referencia número 21

Desde este punto separarase, indo por chan por esta mesma cota, ata o seu encontro co cavorco que vén de Piedra Hincada, e que é afluente do cavorco de El Tejo pola súa esquerda. Baixarase polo dito cavorco ata a súa confluencia co cavorco de El Tejo, que se tomará

pola súa marxe esquerda ata a súa desembocadura no cavorco de La Majada, o cal se cruzará para ascender pola súa marxe dereita ata as últimas augas do cavorco de Las Moneras, polo cal e pola súa marxe dereita se ascenderá, deixando ó oeste o casal de La Haza del Tío Mora, ata as súas primeiras augas na cota 2.030 metros, pola cal se irá por chan, cruzando o carril que conduce ó casal de Don Fernando, ata chegar ó cavorco de El Palomar, desde o cal e en dirección suroeste se subirá ata a devasa que actualmente existe en lomba Raspa, ó sueste de Las Minillas. Desde aquí, continuando cara ó suroeste, tomarase, pola súa marxe esquerda, o cavorco afluente do cavorco de El Hornajo ata a súa desembocadura nel na cota 1.730 metros. Desde este punto ascenderase polo dito cavorco ata chegar ó carril que vai en dirección ó prado de El Espino, o cal e desde a súa intercepción se tomará en dirección sur cara ó mencionado prado, ata cruza-lo cavorco que descende desde a lomba de La Majada de las Vacas, polo cal se ascende pola súa marxe dereita ata a citada lomba, cruzando a divisoria e chegando á estrema entre os termos municipais de Laujar de Andarax, polo que se vai, e Paterna del Río, ó que se chega, na cota 2.120 metros, onde se coloca a referencia número 22.

Referencia número 22

Desde este punto continúaase cara ó norte pola mesma estrema dos termos municipais cara á lomba de Gabiarra, superándoa na mesma dirección ata chegar á cota 2.143 metros, desde a cal e virando ó oeste se tomarán as primeiras augas do cavorco de El Chapparral, á altura do prado de Juan Simón, e pola marxe esquerda do dito cavorco baixarase ata a súa confluencia co río Paterna, cruzando o camiño forestal na cota 1.740 metros, e chegando na confluencia á cota 1.510 metros; cara ó sur, e pola marxe esquerda do río Paterna, baixarase ata o encontro coas augas do cavorco de Saltadero na cota 1.430 metros, ascendéndose polo dito cavorco en dirección oeste e pola súa marxe dereita, ata chegar á intercepción do camiño forestal que vai en dirección a Bayárcal, o que se tomará para bordear polo leste o porto de Lucas, cruza-lo cavorco Bermejo, na cota 1.670 metros e seguir cara ó sur, cruzando tamén as primeiras augas do cavorco de Los Amolacheros, ata que se chega, na cota 1.690 metros, á estrema dos termos municipais de Paterna del Río e Bayárcal, onde se sitúa a referencia número 23.

Referencia número 23

Desde este punto, e pasando a Bayárcal, sempre polo camiño forestal citado en dirección oeste, cruzarase polas primeiras augas do cavorco de La Langosta, dirixíndose ó viveiro de El Zarzal, abandonando o dito camiño e tomando o que entra ata o mesmo viveiro e, bordeando as leiras de cultivo, dirixirase cara ó regato ou cavorco de Las Cruces para tomalo pola súa marxe esquerda en sentido descendente e, uns metros antes de chegar ó camiño forestal, cruzalo cara ó noroeste e bordeando os pomares, chegar, esta vez si, ata o final do camiño citado, desde onde e pola verea existente no seu remate, se seguirá en dirección norte, para cruza-los dous primeiros regatos e dirixirse ó cavorco de La Fuente del Zarzal, chegando a el en cota 1.640 metros, e antes de cruzalo, baixar por el a través da súa marxe esquerda ata a cota 1.530 metros, onde e cara ó oeste se cruza para toma-lo camiño que ata o cavorco citado entra desde a devesa de Molla. Tomarase este camiño primeiro en dirección oeste e despois cara ó norte ata chegar

ó casal de Cabezuelas que, antes de chegar á casa e bordeando os cultivos de froiteiras que hai ó norte desta, virará cara ó noroeste para dirixirse ata a ponte do Rosario, da estrada de Bayárcal, sobre o regato Anchuelo. Desde este punto en dirección suroeste e paralelo á estrada citada, continuarase ata o primeiro cavorco, afluente do regato Anchuelo que lle cae pola dereita, e seguirá ó noroeste subindo por el para, antes de chegar ó camiño forestal que entra ó casal que queda ó norte do dito cavorco, bordea-los cultivos do casal citado para toma-lo camiño que vai ó casal de Santa Clara, en dirección suroeste; baixando por este camiño unirase ó que sobe cara á lomba de Los Posterillos, e en sentido descendente chegarase á curva existente en cota 1.700 metros. Desde esa curva e virando ó noroeste abandonará o camiño para dirixirse paralelo á estrada de Bayárcal, ata o cavorco de El Hielo a cota 1.730 metros, na que se vira ó oeste primeiro e noroeste despois, cruzando o cavorco de El Hielo pola cota citada ata o regato de Palancón, que neste punto fai de extrema entre os termos municipais de Bayárcal, en Almería, e Nevada en Granada, e aquí sitúa-la referencia número 24.

Referencia número 24

Desde este punto, e en dirección norte, continuarase pola marxe dereita do regato de Palancón, ata a súa confluencia co cavorco de El Granizo. Neste punto crúzase o regato que se traía, subindo, en dirección noroeste, pola divisoria de augas da lomba fronte ó citado regato Granizo. Así ata chegar ó camiño forestal que vén da lomba de El Pozuelo, e vai a La Ragua, polo que se descende en dirección a aquela lomba, pasando pola Pandera del Pozuelo; cruzando a dita lomba divisoria das augas dos ríos Bayárcal e Laroles, pola súa cota 1.846 metros, dirixirase, sempre polo mesmo camiño, cara ó río Laroles; continúaase polo dito camiño en dirección ó río, cara ó noroeste, ata alcanza-lo primeiro cavorco, na cota 1.770 metros, xusto despois de que se una ó camiño, outro que vén por debaixo de Tajo de Barjeli, para caer antes de cruza-lo cavorco, pola súa marxe esquerda, ata o río Laroles, polo cal se baixará ata chegar, case inmediatamente despois, ás últimas augas do cavorco de enfrente ó que se levaba. Ascéndese por el, mediante a súa marxe dereita, ata chegar á levada de El Boy na cota 1.780 metros, pola cal se descenderá, cruzando outro cavorco, en dirección a El Cerrojo, antes de chegar á lomba de El Mirador, deixando ó sueste Fuentecillas Altas e ó noroeste o vértice xeodésico de El Mirador e El Mirador de la Llanada. Cruzarase esta lomba, divisoria de augas entre o río Laroles e o río Mairena, por El Cerrojo, á cota 1.750 metros, para despois pasar, sempre pola mesma levada, polas primeiras augas do cavorco de Los Berros e continuando por ela chegarase ó seu fin, na cota 1.690 metros, que se produce sobre a levada de La Sierra, que vén polo val do río Nechite, desde o cavorco de Los Cortijuelos. Ascenderase agora pola dita levada en dirección norte, cruzando moi preto da unión de cavorcos que conflúen para forma-lo río Mairena, que se cruzarán máis arriba para, unha vez cruzados, tomar en dirección noroeste, ata o camiño forestal que vén de El Cerrojo e descende para dirixirse ó Barranco Seco; polo dito camiño continúaase ata chegar ó dito cavorco na cota 1.685 metros, onde conflúe tamén a levada de La Sierra, que se deixou para ascender ó camiño. Ó chegar a Barranco Seco, seguirase o camiño ata que cruza o cavorco de Los Cortijuelos onde o camiño vira ó oeste para descender e alcanza-la liña que divide os termos municipais de Nevada, polo que se vai, e Válor, ó que se chega, onde se coloca a referencia número 25.

Referencia número 25

Continúase, xa en termo de Válor, polo camiño forestal cara ó río Nechite, virando de novo, esta vez ó noroeste, deixando ó leste o Casal de La Fuente del Espino. En cota 1.700 metros o camiño forestal virará ó oeste para cruza-lo río Nechite e cara ó pé de Las Piedras de Márquez, e dirixese, ó sur, á lomba do Monte. Continúa o camiño cara ó sur, pasando as primeiras augas de distintos cavorcos afluentes do Nechite, e correndo, primeiro, paralelo á lomba, e despois, dirixíndose cara a ela para cruza-la divisoria de augas entre Nechite e o río Válor na cota 1.800 metros, ó sur do Peñón de la Loma, e cruzando á mesma altitude a devasa que baixa por toda a lomba do porto de Jerez. Desde este punto, continúaase polo camiño forestal que traía, agora en dirección ó río Válor, subindo lixeiramente, para cruzalo ó nordés de El Cortijo de la Sacristía e ó sur da confluencia entre o cavorco do río Chico e o río Válor, na cota 1.820 metros para, continuando polo dito camiño, seguir por el en dirección suroeste, para deixar El Cortijo de la Sacristía ó oeste do dito carril e, cruzando varios cavorquiños, deixar ó leste do carril o casal de Los Basillos, ata chegar á alameda de El Pozanco, ó leste da serra de El Morrón de Yegen; seguindo, sempre polo mesmo camiño, bordearase o outeiro que queda ó lado da alameda de El Pozanco, para dirixirse ó pé de El Morrón de Yegen, cruzando as primeiras augas dun regato afluente do cavorco do Horcajo, primeiro, e este mesmo despois, antes de bordea-lo Morrón polo leste e o sur, ata chegar á divisoria dos termos municipais de Válor, que se leva, e Alpujarra de la Sierra, ó que se vai, na cota 1.960 metros, onde se sitúa a referencia número 26.

Referencia número 26

Desde este punto, complétase o rodeo polo sur a El Morrón de Yegen, e xa en Alpujarra de la Sierra supérase a lomba do dito Morrón, que actúa como divisoria de augas entre o río Válor e o río Mecina, para virar ó norte e segui-la pista cara ó cruzamento do río de Yegen, deixando ó oeste o casal de Pradillo Largo e o de El Mudo. O camiño forestal, que vén de La Ragua e do río Mecina, séguese e, deixando ó sueste o casal de Barranco Hondo, cruza o Barranco Hondo e avanza en dirección suroeste para cruza-lo cavorco de El Riachuelo e continuar a través da chaira de Peñas Blancas, ó sur da sima de El Postero e á altura de El Pecho del Lastonar. O camiño tomarase en dirección suroeste, para cruza-lo camiño que vai moito máis ó norte, cara ó Peñón del Lobo e La Corraliza, e tamén das devasas, unha que sae do propio camiño e outra que o cruza desde a lomba, para na cota 1.970 metros abandonar-lo dito camiño forestal pola esquerda e toma-la levada de Mecina, que o cruza neste mesmo punto, continuando por el para baixar ata rodear Cerro Gordo por El Gandul, de maneira que, unha vez terminada a levada, se subirán uns douscentos metros para toma-la devasa e descendendo por ela, chegar ata o camiño que vén de Fuente Alta e vai cara a El Gandul, o cal se toma a metros da liña divisoria dos termos municipais de Alpujarra de la Sierra e Bérchules, á cal se chega a cota 1.747 metros, moi preto e ó oeste da sima de El Tejar na lomba do mesmo nome, onde se sitúa a referencia número 27.

Referencia número 27

Desde este punto, continuarase polo camiño en dirección noroeste para pasar por El Gandul e rodear Cerro Gordo polo sur. Unha vez superados polo norte o curral e casal de Valdés e pola primeira lomba que cae cara ó río Grande en dirección ó sur suroeste, co fin de recoller dentro dos límites as imponentes engrobas que enmarcan o val, descéndese pola divisoria de augas ata alcanzar este río Grande que se cruzará para ascender pola súa marxe dereita ata a unión dos ríos (río Grande e río Chico). Desde a unión dos ríos continuarase pola marxe dereita do río Grande en dirección nordés, deixando ó leste Las Umbrías, Hoya Borrego e a lomba de La Cruz de Diego, e ó oeste tódolos labradíos do sollío Las Cabañuelas. Continuarase pola marxe dereita do río Grande ata chegar ó primeiro cavorco que descende de Los Prados de Soto, na cota 1.650 metros, que se cruzará o dito río e tomarase a marxe dereita do cavorco citado para subir por ela deixando ó noroeste tódalas zonas cultivadas destes prados e cruza-lo camiño forestal de La Ragua que vén da golada de Cerro Gordo, para continuar subindo pola dita marxe do cavorco ata encontra-la levada de Mecina xa tomada máis ó sur; entón, continúaase por esta levada cara ó norte ata chegar á súa orixe no río Grande (cota 2.100 m), ó suroeste de Hoya Zapata, onde se cruza o río para, indo por chan cara ó suroeste, pasa-lo límite por riba do casal de El Pollo de Enmedio e do de Prados Mercados e chegar a encontra-lo camiño que serve de acceso a estes casais, para tomalo cara ó sur e baixando encontra-la pista forestal que viña desde La Ragua, a cal se toma bordeando polo oeste o casal de Haza Llanas e, en dirección suroeste, cara á lomba de Enmedio, onde se chegará á cota 1.970 metros, sendo a divisoria das augas dos ríos Chico e Grande. A pista rodea entón polo sur a lomba de Enmedio para seguir en dirección norte a cruza-lo río Chico e, virando ó suroeste, cruza-lo cavorco de Las Angosturas para seguir, sempre polo camiño forestal, deixando atrás o casal de El Espino, que quedará fóra do límite do parque nacional, en dirección sur cara a Hoya del Espino e a lomba de Las Zorras. Despois desta viraxe cara ó sur e sempre polo camiño forestal, cruzarase o cavorco de Las Olveras e máis diante deixarase La Hoya del Espino ó leste para dirixirse ó cavorco de Montina e antes de cruzalo subi-la marxe esquerda deste ata chegar a outro camiño que, a cota 2.010 metros, en Prados Hebrados, o cruza tamén; entón e neste punto crúzase o cavorco e tómase o camiño para, en dirección sur, dirixirse a Los Aguaderos, e cando se chega á lomba de Las Zorras, a cota 2.000 metros, déixase pola dereita o dito camiño e vaise polo chan por esta mesma cota chegar ó cavorco de Los Aguaderos, o primeiro despois de pasa-la chaira existente na mesma lomba, e baixar por ese cavorco ata a súa confluencia co que lle cae pola dereita, ó pé da cima do Toril. A poucos metros da confluencia destes cavorcos, chega un camiño, a cota 1.940 metros, que se subirá a el para tomalo e baixar por el ata Los Pradillos, pola lomba da cima do Toril para tomar unha vez máis o camiño forestal que se traía desde o cavorco de El Espino, para seguilo ó suroeste e saír del en dirección a Hoya Herrera, onde se chega, polo camiño, a cota 1.810 metros, á liña divisoria dos termos municipais de Bérchules, que se leva, e Juviles, ó que se vai, onde se coloca a referencia número 28.

Referencia número 28

Desde este punto, seguirase polo camiño que sobe por riba de El Horcajo, para cruza-lo cavorco de Los Moli-

nos na cota 1.910 metros e seguir avanzando polo camiño en dirección a El Portichuelo, cara ó suroeste, subindo e cruzando a lomba de Las Alberquillas pola súa parte máis alta, ata chegar ó mesmo Portichuelo na cota 2.015 metros onde está colocada a liña divisoria entre os termos municipais de Juviles e Busquístar. Desde El Portichuelo baixarase ó sur pola estrema de termos municipais ata a devasa que sae desde a mesma estrema cara a Las Fuentezuelas, xa en Busquístar, para, antes de que a devasa dea unha curva ó sur, tomar ó norte ata caer ó cavorco que queda entre Las Fuentezuelas e Prado Seco, polo que se baixará, a través da súa marxe esquerda, ata alcanza-la levada de Cástaras a cota 1.510, para, virando ó norte, e por esta levada chegar á liña divisoria entre os termos municipais de Busquístar, polo que se vai, e Trevélez, ó que se chega, onde se sitúa a referencia número 29.

Referencia número 29

Desde este punto, El Cuervo, continúaase pola levada de Cástaras en dirección norte cara ó cavorco de Los Castaños, deixando ó leste o cavorco de Los Ladrones, crúzase o dito cavorco e continúaase pola levada deixando ó leste a pedra de La Turma e El Calvario, a pasar ó pé de Peñabón, fronte á vila de Trevélez. Continuarase pola mesma levada, ata a súa saída do río Trevélez, cruzando o cavorco de Peñabón primeiro e o cavorco da lomba de El Castillo despois, para, unha vez que se chegou ó río Trévelez, cruzalo pola cota 1.530 metros á altura do avesedo de Los Papos e tomar, en dirección oeste, cara ó casal de Piedra Redonda, para, antes de chegar a este casal, alcanza-la levada Acequia Nueva que se tomará en dirección norte ata chegar á altura do casal de Los Barranquillos na cota 1.620 metros, desde onde se bordearán tódalas leiras cultivadas deste casal polo norte e o oeste para, superando a vivenda, tomar ó suroeste e chegar ás engrobas de Los Crestones de los Posterios, na vertical cara ó río Trevélez de Prado Largo á cota 1.903 metros. Desde esa cota, baixarase á cota 1.900 metros e por ela irase por chan ata alcanza-lo cavorco de La Cueva Agustín, polo que se ascenderá, a través da súa marxe esquerda, para chegar á levada Acequia Gorda na súa cota 2.060 metros que se tomará augas abaixo en dirección sur, para busca-lo cavorco de Madrid, e continuar pola dita Acequia Gorda ata o seu final indo cara ó cavorco Chico. Para iso, desde o seu remate continuarase seguindo a curva de nivel ata enfronta-lo cavorco do río Chico ó cruza-la lomba divisoria de augas e despois alcanza-lo propio río Chico para descender pola súa marxe esquerda ata alcanza-la cota 1.700 metros, onde se cruzará, para ascender pola súa marxe dereita ata chegar á saída da levada que vai ó casal de El Visillo, que se segue en dirección sur ata chegar ás inmediacións do dito casal, que se rodeará polo norte e o oeste, e toma-lo camiño forestal que vén da lomba de Los Peñoncillos ata chegar a esta e, seguindo por el, superando a lomba citada, dando as dúas curvas pechadas que ten á súa altura, conducilo ata a divisoria entre os termos municipais de Trevélez e Pórtugos, ó norte de Las Alacenas e na cota 1.800 metros, onde se coloca a referencia número 30.

Referencia número 30

A partir deste punto e xa en Pórtugos, continúaase polo camiño forestal, en dirección oeste e, deixando ó sur o Morrón de la Vieja e ó norte El Agujero, cruzará o cavorco de La Viña pola cota 1.760 metros, para, unha

vez cruzado, dirixirse ó sur, sempre polo camiño forestal, cruzando tamén o cavorco de José Martín e superando El Peñón polo leste, a continuar polo camiño chegando ó cavorquiño que hai pasando El Peñón; tomarase en dirección oeste para subir á cota 1.850 metros pola que se segue ata superar cara ó sur, deixando ó leste, os labradíos do casal de La Roza de García, e entón baixar ata o camiño que conduce a eles para seguir polo camiño uns douscentos metros e volver a subir novamente e bordear polo norte e o oeste o casal da Sacristía e as súas leiras cultivadas, para dirixirse ó sur e ir toma-lo camiño que sobe ata o dito casal no punto no que cruza o cavorco de Los Sapos na cota 1.750 metros; por este camiño volverase ó que se traía desde o cavorco de La Viña para continuar por el cruzando o cavorco de Los Alisos na súa cota 1.690 metros; continúaase ó sur, polo dito camiño, superando a lomba de Los Lotes e, xa cara ó oeste, Los Melones; unha vez superado este lugar, chegarase ó cavorco de El Tesoro que se cruzará e, pola súa marxe dereita, ascenderase ata as súas primeiras augas, desde as cales se irá cara ó noroeste para chegar ó alto da golada de Las Majadillas e á lomba de El Jabalí onde, e pola divisoria de augas entre o cavorco que se trata e o cavorco de El Jabalí, a través da lomba do mesmo nome, se tomará en dirección suroeste, baixando por ela ata o seu termo, ó sur do curso do cavorco do Jabalí, e moi próximo á confluencia entre o cavorco e o cavorco de La Chorrera, para desde esta unión toma-lo nome de río Bermejo; ó pé da lomba de El Jabalí, dirixirase cara ó suroeste, para bordear-lo casal existente polo norte e o oeste ata caer uns cen metros máis debaixo da unión dos cavorcos citada, no que xa se chama río Bermejo, no punto no que o camiño forestal o cruza á cota 1.740 metros e que fai de divisoria entre os termos municipais de Pórtugos, polo que se vai, e La Tahá de Pitres, ó que se chega e onde se sitúa a referencia número 31.

Referencia número 31

Desde este punto, tómase o camiño en dirección á lomba de Las Tonadas, cruzando río Bermejo e deixando ó sur a engroba de Cortes; por este camiño irá case paralelo á divisoria da dita lomba, ata achegarse ó Picón de Monte e entón rodearase a dita lomba polo suroeste, chegando á mesma divisoria na cota 1.740 metros onde se cruzará a liña divisoria dos termos municipais de La Tahá de Pitres e Bubión, no cal se entra polo mesmo camiño para cruza-lo cavorco de El Cerezo a cota lixeiramente máis baixa cá anterior; crúzase o dito cavorco e chégase ó camiño que vén de Capileira e vai ó Alto del Chorrillo e ós altos cumes de Serra Nevada; tómase en sentido ascendente e, seguíndoo, chegarase á próxima curva pechada (na que practicamente se cambia de sentido), en La Hoya de la Virgen, de onde sae o camiño que vai á Cañada de Bonilla e máis arriba a El Hornillo; tomarase o dito camiño para, case inmediatamente, virar ó nordés e subir pola devasa ó camiño que se traía, que se tomará de novo en sentido ascendente para cruza-lo cavorco de El Tejar e chegar á divisoria dos termos municipais de Bubión e Capileira, na cota 1.940 metros, onde se coloca a referencia número 32.

Referencia número 32

Desde este punto e a través da mesma estrema entre os termos municipais, ascéndese, cruzando a levada Acequia Baja, ata encontra-la levada Acequia Alta, á que

se vira e se toma para adentrarse en Capileira na cota 2.060 metros. Continúase pola Acequia Alta, cruzando o camiño que vai a El Hornillo, ata chegar á verea que vén da Acequia Baja a cota 2.090 metros e á altura de Piedra Blanca ó leste e La Hoya de León ó oeste; báixase pola dita verea ata a mesma levada Acequia Baja, que agora se tomará durante uns trescentos metros, en dirección norte, para deixalo e baixar a La Hoya de León polo camiño existente que vai pola mesma lomba; continúaase baixando ata encontra-lo camiño que vai por La Umbría ata as ruínas dos casais de Prado Morea, o que se toma en dirección norte para supera-las engrobas de La Umbría e chegar a Prado Morea, onde termina o dito camiño; desde a finalización dese camiño bordearanse as leiras de Prado Morea polo leste e o norte, e continuarase nesta dirección ata chegar ós cortes da marxe esquerda do cavorco de Mecina, polos cales se baixa ata caer ó río Naute, nas proximidades da central eléctrica de La Cebadilla. Antes de cruza-lo río Naute virarase ó suroeste e pola marxe esquerda deste chegarase ó punto no cal as súas augas se xuntan coas do río Toril para forma-lo cavorco do Poqueira, e entón cruzarase este último para ascender uns metros pola súa marxe dereita e toma-la lomba do Curuto para subir ata a levada Acequia Nueva, deixando ó sur a leira de cultivo que hai na mesma lomba; esta Acequia Nueva, tomarase na cota 1.870 metros onde, ademais, coincide que se chega á liña que divide os termos municipais de Capileira e Bubión, que é a propia levada Acequia Nueva, onde se coloca a referencia número 33.

Referencia número 33

Desde este punto, continuarase cara ó suroeste pola levada Acequia Nueva que é a mesma liña divisoria dos termos de Bubión e Capileira, pasando a lomba de Ramón, os cavorcos de Prado Largo, o de El Castillejo, o de Piedra Cabrera e, deixando ó oeste o casal de Haza Sastre, chegar a El Partidor onde se unen, na mesma levada, as liñas divisorias dos termos de Bubión e Capileira que se leva pola levada e o de Bubión e Pampaneira que vén do norte por Los Pradillos, de forma que a partir deste punto en El Partidor, e sempre pola levada, antes de chegar ó cavorco de Rosas ou de Los Pradillos, a liña divisoria éo dos termos de Capileira e Pampaneira, para no dito cavorco, á cota 1.720 metros, unirse coa divisoria entre Bubión e Capileira que vén polo mesmo cavorco citado. Neste punto pois, únense tres liñas divisorias, a que divide Capileira ó leste e Pampaneira ó oeste, a de Capileira ó norte e Bubión ó sur, e a de Bubión e Pampaneira que se continúa a partir deste punto pola mesma levada. Continúase pola levada Acequia Nueva ata o leste do casal El Partidor e preto da vivenda abandónase a levada para adentrarse en Pampaneira, rodea-lo casal polo norte e subir á cota 1.790 metros pola que seguirá ata o camiño que sobe a Peña Gallego, que se tomará e, en dirección suroeste, pola cota 1.800 metros, chegarase á altura do petouto da vía pecuaria de La Cañada de Las Yeguas, para virar bruscamente ó oeste e ascender ata o mesmo petouto na cota 1.940 metros onde, ademais, coincide a divisoria dos termos municipais de Pampaneira e Soportújar, e se sitúa a referencia número 34.

Referencia número 34

Desde este punto tómase en dirección sur a propia estrema entre os termos municipais de Pampaneira e Soportújar, descendendo por esta divisoria de augas cara

á atalaia de Soportújar (1.691 metros), precisamente pola Cañada Real Málaga-Serra Nevada. Desde a atalaia vira ó noroeste pola estrema sur do monte de utilidade pública Los Manzanillos, a cal se segue ata a súa confluencia coa devasa que separa este monte do da bacía do río Chico (GR-1.003), para descender por esta devasa uns cento cincuenta metros e encontra-lo camiño forestal de Soportújar. Entón tómase o dito camiño forestal en dirección norte noroeste cara a Puente Palo. Desde Puente Palo continúa-se polo dito camiño forestal para cruza-lo río Chico e adentrarse no termo municipal de Cáñar, cruzando o cavorco de Prado Quinto, a Haza de Los Matías, o cavorco de El Partidor, deixando ó norte El Robledal e a Hoya del Nevazo, e chegar ás ruínas da casa forestal de Cáñar, para continuar, sempre polo mesmo camiño, en dirección á Loma de Cáñar á que se chegará ó norte de La Hoya de Cabrera na cota 1.675 metros, á que tamén e, na mesma lomba, se cruzará a divisoria entre os termos municipais de Cáñar, que se deixa, e Lanjarón, ó que se chega, e onde se coloca a referencia número 35.

Referencia número 35

Desde este punto, e polo mesmo camiño, continúa-se en dirección ó río Lanjarón, superando as engrobas de El Pósito e, chegando ó casal de Fuente Sordilla, abandonar este camiño e subir uns metros para toma-la levada de Rascabelar, pola cal se avanzará ata que, chegando ás leiras cultivadas de Fuente Sordilla, se virará ó nordeste para bordealas e ascender ata a levada Acequia Alta, que se tomará en dirección norte ata chegar ó cavorco de El Espino na cota 1.900 metros, pasando polo oeste Prado Abarca e polo leste o casal de El Espino. Antes de cruza-lo dito cavorco, tomarase ó oeste pola súa marxe esquerda para baixar ata o río Lanjarón, cruzando a levada que se tomou no casal de Fuente Sordilla. Desde este lugar e antes de cruza-lo río Lanjarón, baixárase pola súa marxe esquerda ata a cota 1.660 metros pola cal se cruzará para toma-lo cavorco Ballesteros e subilo pola súa marxe dereita ata a cota 1.790 metros pola que se seguirá ata superar cara ó sur as vivendas dos casais de Ballesteros e despois baixar, para toma-lo camiño que entra neles e seguilo en dirección sur, deixando ó oeste Los Ranchillos. Continúase polo dito camiño para, chegando a El Vadillo onde este ten unha curva moi pechada, saír del con dirección oeste e toma-la lomba arriba ata o petouto Morrón de la Mulata a 1.950 metros onde se alcanza a lomba de Lanjarón, ó sur de Peña Caballera, e se chega á divisoria entre os termos municipais de Lanjarón e Lecrín, e onde se sitúa a referencia número 36.

Referencia número 36

Desde este punto e adentrándose en Lecrín, subírase uns douscentos metros para alcanza-lo camiño que vén de Pirolo e seguirase ata ese lugar, pasando as primeiras augas dos cavorquiños que confluirán no cavorco de La Encina Real, para continuar pola cota 1.960 metros en dirección ás primeiras augas do cavorco de El Pleito, moi preto dunha casa en ruínas que hai entre o primeiro e o segundo cavorquiño, polo cal se subirá á cota 2.080 metros ata alcanza-lo camiño que vén de Las Acequias, unha vez superado o terceiro cavorquiño; continúa-se por este camiño baixando ata a cota 2.060 metros pola que se chega á lomba que divide Las Acequias e a fonte do Saúco, que ademais é estrema entre os termos municipais de Lecrín e Nigüelas, onde se coloca a referencia número 37.

Referencia número 37

Cruzarase a estrema entre Lecrín e Nigüelas, adentrándose neste último polo lugar de Las Lagunillas, á cota 2.060 metros, para continua-lo camiño que se dirixe á parte alta do cavorco de Las Yeseras e cruza-lo dito cavorco á cota 2.030 metros, para entón deixa-lo camiño seguindo cara ó norte pola cota 2.000 metros e alcanza-lo cavorco de Juan Villa na súa confluencia co camiño de La Rinconada de Nigüelas. Entón séguese este camiño, bordeando en cada caso as leiras cultivadas na súa marxe leste, cruzando o cavorquiño de Haza Cárdenas, deixando ó leste a fonte de Mailópez, sempre polo camiño que se tomou no cruzamento do dito cavorco, seguirase, bordeando polo leste as leiras cultivadas que hai en El Posteruelo; continuarase cruzando o cavorco de El Tranco, polas súas primeiras augas, para dirixirse por La Umbría ata por riba do casal do mesmo nome (La Umbría), que se rodeará polo leste e o norte para toma-los cortes da marxe esquerda do seguinte cavorquiño, chamado de El Toril, e baixará por eles ata o río Torrente, na cota 1.950 metros. Antes de cruza-lo río e pola súa marxe esquerda, descenderase ata encontra-la confluencia do cavorco de La Cueva, por onde cruzará á marxe dereita do río para remontalo ata a altura das últimas augas dun cavorco, chamado Las Quiebras, que sobe ata o leste da engroba Bautista e practicamente ata a lomba de Los Tres Mojones; continúa-se polo dito cavorquiño ata alcanza-lo camiño que vai ós casais de Echevarría e o Peñón de Muñoz, camiño de La Rinconada, para tomalo en dirección oeste e rodear tódolos labradíos que hai ó leste da engroba de La Cueva; superados cara ó oeste estes labradíos, caerase desde o camiño que se levaba, ó cavorquiño, chamado de La Cueva e que está entre o propio cavorco de La Cueva e o cavorco de Valero, que o cruza a cota 2.160 metros, para baixar pola súa marxe esquerda de novo ó río Torrente na cota 1.820 metros e, cruzándoo, descender pola súa marxe esquerda ata a súa confluencia co cavorco de El Peñón de Muñoz, na cota 1.510 metros, na que se volve cruza-lo río e se ascende pola marxe dereita do cavorco citado ata alcanza-la levada de Los Hechos no seu tramo encanado. Entón continúa-se sobre a dita levada de Los Hechos augas arriba cara ó partidor da Confederación Hidrográfica situado próximo á liña divisoria dos termos municipais de Nigüelas que se leva, e Dúrcal ó que se vai, onde se sitúa a referencia número 38.

Referencia número 38

Desde este punto, o partidor da levada de Los Hechos, tomarase xa descuberta e continuarase augas arriba, deixando ó leste as engrobas de La Raya e La Raya de la Dehesa, ata a lomba de Los Castaños, pola cal, unha vez cruzado o camiño que viña da devasa de Dúrcal, se tomará a súa divisoria e se descenderá, rodeando tódolos labradíos polo norte, ata o río Dúrcal na súa cota 1.310 metros, xusto na confluencia dun cavorquiño que, baixando paralelo á lomba, desemboca no río pola súa esquerda. Ó baixar por esta lomba de Los Castaños cruzáronse dúas veces máis os camiños que van á lomba de Las Particiones e tamén se fixo o mesmo coa canle de La Sevillana, deixando ó norte El Chaparral. Ó chegar ó río Dúrcal, sen cruzalo, tomarase ó oeste para cruza-lo cavorquiño e dirixirse, augas abaixo, pola marxe esquerda, ata encontra-la toma dunha levada que sae pola súa marxe dereita. Crúzase o río Dúrcal para toma-la dita levada de rega augas abaixo deixando fóra o casal situa-

do fronte ó cavorco da Cantina. Séguese a mesma levada, que discorre pola base das engrobas do Launar ata que cruza o camiño que vai cara ós Puntales del Tigre, polo cal se toma ata alcanzar un cavorquiño polo que se remonta ata rodea-lo Cortijo de los Molinos e entón, indo por chan pola cota 1.320 metros, alcanza-lo cavorco de La Magara, ascendendo, sen cruzalo, ata a cota 1.350 metros, pola cal se cruzará o dito cavorco e a cal se seguirá deixando ó sur os casais de La Magara, ata encontra-lo seguinte cavorquiño, chamado de Las Víboras, pola marxe esquerda ata a cota 990 metros, onde desemboca o corgo de Dílar na base de Los Poyos e ó sur do dique existente sobre este mesmo corgo; neste punto cruzarase o río Dúrcal e tomarase o corgo de Dílar pola súa marxe dereita, para ir ascendendo por el ata Montellano, golada na que se encontra a marxe da Reserva Nacional de Caza e a estrema intermunicipal entre Dúrcal e Dílar. Tómase a dita estrema cara ó Picacho Alto, vértice onde se coloca a referencia número 39.

Referencia número 39

A partir deste punto, crúzase a liña que divide os termos municipais, e éntrase en Dílar, seguindo pola mesma cota 1.750 metros, rodeando polo oeste Picacho Alto e, despois duns cento cincuenta metros, virar ó noroeste para toma-la corda que conduce ó pico de Los Abantos; pasando a golada que hai antes de chegar a este pico, subirase ó seu mesmo cénit a 1.666 metros, para baixar pola mesma corda, agora en dirección a Piniño Blanco, e despois de percorrer uns douscentos cincuenta metros desde o pico de Los Abantos, na cota 1.630 metros, virarase ó norte, para descender por unha lomba ata o cavorco de Rambla Seca, ó que se chega na cota 1.180 metros, deixando ó leste a mesma Rambla Seca e a canella da Selva e ó norte Peñón Bermejo; sen cruzalo dito cavorco, descenderase pola súa marxe esquerda ata que na cota 970 metros se chega ó río Dílar, ó oeste e augas arriba da central eléctrica de Nuestra Señora de las Angustias, e xusto debaixo do camiño que sobe pola marxe oposta do dito río, ó cal se subirá, cruzando o río, para tomalo en dirección norte primeiro e leste despois, e subir ata a altura do chamado outeiro de San Miguel para deixa-lo camiño pola esquerda e subi-la lomba ata chegar ó cume do citado outeiro a 1.186 metros e desde aquí baixar á golada e ascender ó pico de La Boca de la Pescá a 1.517 metros onde se alcanza o punto no que conflúen os termos municipais de Dílar, que se leva, e Gójar e La Zubia que quedan ó norte, onde se coloca a referencia número 40.

Referencia número 40

Desde este vértice seguirase a liña que divide os termos municipais de Dílar e La Zubia, para chegar ó punto onde a canle de La Espartera pasa ó termo de La Zubia e desde aí tomar esta canle, augas arriba, para volver a Dílar; avanzarase pola canle augas arriba, mesmo no treito no que posúe túnel, para chegar, na vertical do casal Sevilla, á golada de La Espartera, onde tamén coincide a divisoria entre os termos municipais de Dílar e Monachil. Nesta golada, vólvese ó norte, entrando en Monachil, para baixar ó camiño forestal de La Cortijuela, e desde el, continuar baixando ó regato Huenes, para cruzalo e subir pola marxe dereita ata a súa confluencia co cavorco de Las Majadillas, para, sen cruzar este último, toma-la súa marxe dereita e subir ó camiño forestal que vai cara a La Mina, bordeando polo seu pé Tajo

Colorado, e continuar por el ata a súa chegada ó cavorco do Lobo, cruzando a costa de Quebrantajarres, a lomba de Enmedio e varios cavorquiños; despois de chegar a este cavorco e ó cruzalo, virarase ó sueste para toma-la súa marxe dereita e subir por ela ata a cota 1.700 metros pola cal se seguirá en dirección noroeste primeiro e norte despois, rodeando o outeiro Huenes ata chegar ó seu norte para baixar, nesa mesma dirección, e alcanza-la engroba de La Sabina a 1.680 metros e baixar, en dirección noroeste pola lomba que conduce á engroba de El Contadero, ata a súa caída ó río Monachil na cota 980 metros pola que se cruzará e se tomará a súa marxe dereita para subir decididamente cara á central de Diechar. Ó subir pola marxe dereita do río Monachil deixarase ó norte a engroba de Las Tapias, ó sur as engrobas de El Contadero e La Escarigüela, rodearase polo sur a edificación dunha central eléctrica abandonada que hai antes de chegar ó Peñón del Negro, practicamente no curso de auga do río; pasarase ó sur da engroba de Las Palomas, a engroba de El Lunes e o outeiro de Los Poyos, para chegar ás inmediacións da central eléctrica de Diechar onde desemboca o cavorco de La Dehesilla; entón cruzarase o río Monachil e tomarase a marxe dereita do cavorco de La Dehesilla para subir por el ata chegar á altura do casal do mesmo nome, na cota 1.380 metros, onde se cruzará o dito cavorco para subir polo afluente que lle cae pola esquerda ata alcanza-lo camiño que sobe ás mesetas, e virando ó nordés, toma-lo dito camiño en dirección a Diechar para bordear-la lomba de La Mariana e cruza-lo cavorco de El Chisme, seguindo polo camiño de Diechar, pasando a lomba do outeiro de La Dehesilla e o cruzamento co camiño que baixa ó casal, virará ó norte para ir cara ó mencionado outeiro e, desde a golada a cota 1.487 metros, baixar de novo ó río Monachil pola canella, cruzándoo pola cota 1.340 metros e virando para toma-la súa marxe dereita e ascender augas arriba; continuando pola marxe dereita do río cruzarase o camiño que vai ás naves de Las Aguillas e a Diechar, pasando a represa de onde sae a canle para a central do mesmo nome, a partir da cal se tomará polos cortes do río Monachil da mesma marxe que se sobe, deixando a uns cen metros o curso do dito río, e pasando ó sur do casal de San Jerónimo, La Hoya de Pedraza, a lomba de Las Yeguas e ó norte das antigas chozas de El Maguillo. Continúase polos cortes da marxe dereita do río Monachil ata chegar fronte á desembocadura do cavorco de Valdeinferno, a 1.690 metros; entón, vírase ó sur, crúzase o río e sóbese pola marxe dereita do cavorco citado ata as súas primeiras augas, na cota 2.400 metros, desde a cal e en dirección sur se subirá ata a lomba de Dílar a 2.480 metros, na que se sitúa tamén a divisoria entre os termos municipais de Monachil, que se leva, e Dílar, ó que se vai, e onde se sitúa a referencia seguinte, a número 41.

Referencia número 41

Desde a cota 2.480 metros, no límite entre Monachil e Dílar, ó norte dos prados de Las Monjas, continúase polo dito límite, a través da lomba de Dílar, ata alcanza-lo camiño que entra ata a estación inferior da telecadeira Laguna, nos prados de El Piornal, polo cal se descenderá en dirección a Los Borreguiles de Dílar; continúase polo dito camiño uns cen metros antes de chegar ó trazado actual da telecadeira Dílar da estación de esquí, abandonarase o camiño para caer ó río Dílar, na cota 2.600 metros, pola que se cruzará e rodearase a explanación existente na estación inferior da telecadeira Laguna e subirase pola marxe dereita do río, de novo, en dirección a Los Lagunillos de la Virgen; pasando os prados Virgen


de la Ermita polo norte e o leste, chegarase á zona onde o curso do río se fai sobre unha laxe, punto no cal se virará ó leste (na cota 2.720 metros) para, por riba da pista de esquí existente, ir cara a La Escollera, por debaixo da lagoa de Las Yeguas, subindo lixeiramente ata chegar a un cachoeiro de desaugamento natural da lagoa, á altura da liña de trazado da telecadeira Laguna, pola que se ascenderá para chegar a cen metros da lagoa e entón virar ó norte, primeiro e nordés, despois, e bordea-la lagoa pola súa parede norte, tomando, unha vez acabada a dita parede a verrea que sobe ás engrobas de La Virgen, a que se seguirá, deixando ó oeste Los Lagunillos de la Virgen e as súas zonas húmidas; superando a última lagoa, dirixirase cara ó sueste para ascender ata a curva do camiño que vai a Capileira, na mesma Carihuela del Veleta, onde se chega ó límite entre os termos municipais de Dílar, polo que se vai, e Capileira, ó que se chega, onde se coloca a referencia número 42.

Referencia número 42

Por esta liña divisoria de termos municipais ascéndese, en dirección ó pico do Veleta, ata a cota 3.340 metros na que pasa ó termo de Dílar e toma a curva da antiga estrada que chegaba ó mesmo Veleta, pola cal se vai por terreo chan ata alcanza-la liña divisoria entre Dílar e Monachil, ó que se cruza pola mesma estrada, para alcanza-los 3.350 metros e desde a curva da

propia estrada chegar á cota 3.330 metros, no límite entre os termos municipais de Monachil, que se leva, e Güéjar Sierra, ó que se vai. Desde este punto, dando vista ó Corral del Veleta, e sempre pola liña divisoria de termos municipais, que coincide coa divisoria de augas do Genil e o Monachil, descenderase, deixando ó leste El Mirador e as primeiras augas do cavorco de San Juan en Los Panderones, ata a lomba de Cauchiles, pola cal se chegará, deixando tamén ó leste o marco de El Trigo e entrando brevemente no termo de Güéjar Sierra, ó albergue militar de La Hoya de la Mora, rodeándoo polo sur, o leste e o norte, e continuar ata o primeiro Peñón de San Francisco, tomando de novo a liña divisoria entre Güéjar e Monachil; pasando o primeiro petouto e baixando ata a antiga estación superior do remonte mecánico que había nos prados de Otero, onde chega tamén o camiño que vén do albergue universitario; desde aquí, tomarase en dirección noroeste, adentrándose en Monachil, baixando pola estrada GR-420 de subida ó Veleta, a cal se tomará ata as proximidades do Centro Operativo de Las Sabinas da Consellería de Obras Públicas, deixando á dereita Puesto Parra e a golada de El Diablo. Antes de chegar á edificación do dito centro operativo, bordearanse as súas casas polo leste, o norte e o sur, para chegar á seguinte curva da mesma estrada que se traía e rodeando polo norte e polo seu pé a explanación existente no mesmo Collado de Las Sabinas, chegar á referencia número 1, cerrando o recinto que delimita o Parque Nacional de Serra Nevada.

LIMITES DO PARQUE NACIONAL DE SIERRA NEVADA



Limite do Parque Nacional	E. Nacionais	Curvas do nivel
Limite provincial	E. Comarcais	Rios
Limite municipal	E. Locais e pistas	Poblacións

Escala 1:325.000



ANEXO II

Abla.
Abrucena.
Alboloduy.
Alsodux (Montenegro).
Bayárcal.
Beires.
Canjáyar.
Fiñana.
Fondón.
Las Tres Villas.
Laujar de Andarax.
Nacimiento.
Ohanes.
Paterna del Río.
Rágol.
Aldeire.
Alpujarra de la Sierra.
Bérchules.
Bubión.
Busquístar.
Cañar.

Capileira.
Dílar.
Dólar.
Dúrcal.
Ferreira.
Güejar-Sierra.
Huéneja.
Jerez del Marquesado.
Juviles.
La Tahá.
La Zubia.
Lanjarón.
Lanteira.
Lecrin.
Lugros.
Monachil.
Nevada.
Nigüelas.
Pampaneira.
Pórtugos.
Soportújar.
Trevélez.
Válor.